

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de novembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a contratación da subministración e implantación dunha plataforma de xestión integral dos servizos sociais do Concello de Lugo dentro da estratexia Dusi Muramiñae da Muralla ao Miño código de proxecto: 16Dusi001, incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%, exp. ref. 2022-C004-000021.

Acórdase a resolución definitiva do contrato correspondente ao lote 2 na contratación do servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos municipais do Concello de Lugo mediante tres lotes: lote 1 - mecánica para camións, lote 2 - mecánica para vehículos de obras, servizos e dúmpers e lote 3 - mecanizado vehículos municipais. exp. 2021/C003/000047.

Tamén se acorda aadjudicación no procedemento de licitación para o alleamento de vehículos retirados da vía pública, sitos no depósito municipal, exp. ref. 2022-C005-000016.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación de patrocinio publicitario co Club Baloncesto Breogán, S.A.D., exp. ref. 2022-C005-000024.

Do mesmo xeito, acórdase a prórroga dos contratos de servizo de mantemento e conservación das actuacións enmarcadas no plan de embelecemento da cidade a través da estratexia Dusi denominada "Da Muralla ao Miño-Muramiñae" con cofinanciamento do 80% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8610679339562284326.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-11-2022

desenvolvemento rexional, exp. ref. 2021/C003/000043.

Acórdase a aprobación da prórroga para o período comprendido entre o 16 de setembro de 2022 e o 15 de setembro de 2023 para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedeiros nos edificios e instalacións municipais, exp. ref. 2019-010 (tecol 2020/C005/000017).

Tamén se acorda a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería anexa á piscina municipal cuberta "As Pedreiras", exp. ref. 2020-C005- 000008, polo período comprendido entre o 1 de decembro de 2022 e o 30 de novembro de 2023, exp. 2020/C005/000008.

Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería sita no complexo deportivo da piscina municipal cuberta do parque da Milagrosa, exp. ref. 2020-C005-000005, polo período comprendido entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023.

Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación de patrocinio publicitario co Club Deportivo Lugo, S.A.D., exp. ref. 2022-C005-000025.

**2. FOMENTO.-** Acórdase a rectificación do acordo 10/573, adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 6 de outubro de dous mil vinte e dous, referente á aprobación da participación do Concello de Lugo no programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Nextgenerationeu (resolución do 8 de xullo de 2022, publicado no dog nº 137, do martes 19 de xullo de 2022).

**3. PERSOAL.-** Acórdase a de modificación do artigo 57 do Regulamento Interno de Persoal.

Tamén se acorda a cobertura temporal por comisión de servizos do posto de auxiliar administrativo do servizo de facenda local do Excmo. Concello de Lugo.

Así mesmo, acórdase o nomeamento como funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo, para desempeñar a praza de bombeiro/a condutor (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C2); escala: ael; subescala: se ext inc.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**4. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión da licenza urbanística para rehabilitación para mellora da eficiencia enerxética e outros, do

Instituto Nosa Señora dos Ollos Grandes, sito na avda. Ramón Ferreiro, números 6-8 (exp.: 2022/Y001/000127).

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural a Torre-Soñar-Casbalín-Festos-Lamela, parroquia de Soñar (exp. 136/2019).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para central térmica de distribución de calor utilizando a biomasa como enerxía primaria (district heating) para varios edificios públicos situados en Lugo (ies Nosa Señora dos Ollos Grandes, ies Lucus Augusti, facultade de formación do profesorado ceip anexa, cifp politécnico, residencia Lugo I e residencia Lugo II), na avda. Rodríguez Mourelos (entre edificios xulgados e Instituto Lucus Augusti, (exp. 2022/Y001/000067) e para iluminación ornamental das fachadas principal, lateral esquerda e lateral dereita, do Instituto Lucus Augusti, sito na avda. Rodríguez Mourelo, número 1 (exp. 2022/Y001/000268).

Acórdase denegar a licenza urbanística para a demolición de parte da edificación: tabiquería interior, carpintería interior e exterior e a cuberta do número 14 da rúa do Progreso (exp. 2022/Y001/000189).

Tamén se acorda a licenza urbanística para iluminación ornamental das fachadas principal, lateral esquerda e lateral dereita do Instituto Nosa Señora dos Ollos Grandes, sito na avda. Ramón Ferreiro, números 6-8 (exp. 2022/Y001/000264).

#### **ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**

**5. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a aprobación das bases xerais reguladoras da convocatoria de axudas para o financiamento parcial do alugamento de vivendas destinadas a domicilio habitual de persoas residentes no Concello de Lugo, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública (exercicio económico 2022).

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**